

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 28/11/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

MATILDE LAYA LORENZO
ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 28/11/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 21 de novembro de 2022, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/4179

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Kone Elevadores, S.A., para reparación do ascensor da Estación de ferrocarril, por un importe total de 2.008,12€ (IVE incluído), con cargo á partida 459-213..

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4201

Vista a proposta do Xervizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Consultoría Informática y Tecnológica del Noroeste, S.L., para renovación do programa de xestión interna da plataforma operativa do Servizo de Emerxencias, por un importe total de 4.207,90€ (IVE incluído), con cargo á partida 135-22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4259

Vista a proposta da Concelleira de Urbanismo e Mobilidade, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º: Aprobar o gasto non previsto no Orzamento aprobado, para a celebración da Semana Europea de Mobilidade, que ascende a cuantía de 4.112,79€

2º: A convalidación do gasto do contrato menor, para adquisición dun panel, dúas bandeiras, catorce pegatinas, oito muppies cos programas e doce muppies con paneles, que se adxudica á empresa Baños Print, S.L. por un importe de 4.112,79€, con cargo á partida 926-22602.

PRP2022/4272

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Reformas Trebol SL para a reparación de filtracións de auga no tellado do CEIP RUBIANS por un importe total de 2.904,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 320-212. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4281

Dáse conta do Convenio Regulador de concesión directa de subvención en especie para obras de reparación sinxela e mantemento a favor do Circulo Artístico e Deportivo Gato Negro. Ditas obras consisten na mellora e o adecentamento do interior das instalacións da sede do Gato Negro, ubicada na Avda Rosalía de Castro nº208, cunhas obras de reparación sinxela e de mantemento, pintado, cambio de plaquetas, repasado de grietas e unha soleira con gres para evitar filtracións de auga no almacén. Estas obras de reparación mellorarán as condicións nas que se levan a cabo as actividades, permitindo o seu correcto funcionamento. O Concello de Vilagarcía comprométese a colaborar cunha achega de 5.999,18€ con cargo á partida 334-48201, do orzamento municipal para o exercicio 2022, para levar a cabo as obras descritas na sede do Círculo Artístico e Deportivo Gato negro situada en Carril, e que serán executadas pola empresa Roberto Ocaña Novoa.

PRP2022/4394

Con data 30 de xuño de 2022 o Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e a súa Ría acordou:

- 1- Incoar o procedemento de alleamento directa ao Concello de Vilagarcía da parcela da antiga Comandancia.
- 2- Aprobar a tasación por valor de 1.157.406,76€.

O artigo 117 do Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas, establece que nos supostos de venda directa regulados no artigo 137 da Lei, unha vez incoado o procedemento, se comunicará ao solicitante o propósito de vender o ben ou dereito, con expresión do prezo de venda. Para continuar o procedemento de alleamento, o interesado deberá aceptar o prezo e os termos da venda e efectuar, no prazo sinalado na comunicación, o depósito correspondente na forma e lugar designados ao efecto.

Seguindo o criterio de presunción de solvencia das administracións públicas establecido polo Tribunal Supremo na súa recente Sentenza do 23 de xullo de 2020, Recurso 2944/2017, non é necesario a prestación de garantía.

En virtude do exposto, acordase aceptar expresamente o alleamento da parcela da antiga Comandancia por importe de 1.157.406,76€. A formalización de venda deberá otorgarse en escritura pública e os gastos de dita operación serán por conta do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora do devandito acordo e reitera a aceptación da compra da parcela da antiga Comandancia por importe de 1.157.406,76€. A formalización da venda deberá otorgarse en escritura pública e os gastos de dita operación serán por conta do Concello de Vilagarcía de Arousa.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2022/4250

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen

dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de novembro de 2022, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigaón a favor de Bonecos Vilagarcía, S.L., polo importe de 37.905,39 € con cargo á partida 323.48007. Que se desagrega do seguinte xeito:

Custe que asume o Concello en atención educativa 20.535,21€ e en comedor 8.299,70€.

Custe que correspondería aboar ás familias e que actualmente asume a Xunta de Galicia 9.070,48€.

PRP2022/4291

A ONGD SenValos é unha entidade social con número de rexistro E7147 no Rexistro Unificado de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia que ten como misión a inclusión sociolaboral plena de persoas inmigrantes, emigrantes retornadas, refuxiadas e solicitantes de protección internacional a través de accións de mediación intercultural.

A citada entidade foi beneficiaria na convocatoria de subvencións a entidades de iniciativa social para promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social, financiada parcialmente con fondos REACT-UE como parte da resposta da Unión Europea á pandemia de Covid-19, no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, do proxecto “E-Estranxeiría Vilagarcía” de asesoramento xurídico especializado en estranxeiría e o proxecto “Link-MI Vilagarcía” de mediación intercultural, a desenvolver entre o 01/07/2022 e o 30/04/2023 na localidade de Vilagarcía de Arousa.

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través do Centro de Servizos Sociais, ten interese en desenvolver actuacións especializadas co colectivo migrante residente no municipio, polo que a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do Convenio de colaboración coa ONGD SenValos (CIF G-70610282) para a implantación dos citados proxectos no Concello de Vilagarcía de Arousa.

PRP2022/4317

Vistos os xustificantes aportados e os informes correspondentes, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obrigaón a favor de **Fundación Asilo Hospitalillo Residencia Divina Pastora**, polo importe de 15.000,00€, polo concepto Subvención nominativa para desenvolvemento de actividades e actuacións no marco de atención a persoas maiores de 60 anos e/ou dependentes durante o ano 2022, con cargo á partida 231.48002.

EMPREGO

PRP2022/4211

A Concellería de Promoción Económica porá en marcha unha nova edición da iniciativa de dinamización comercial e fomento do consumo no comercio local, BONOS SON DA CASA do ano 2022, consistente na emisión de bonos para o consumo nos negocios, establecementos comerciais e hostaleiros da cidade, contando co compromiso e colaboración de toda a cidadanía para a revitalización da actividade económica local.

Poranse á venda 3.750 paquetes de bonos por valor de 30€ c/u (10€+10€+5€+5€) dos que o usuario pagará 20€ e os outros 10€ correrán a cargo do Concello (3.750 x 10 = 37.500€).

O Concello de Vilagarcía aportará 37.500€ mediante a transferencia á conta bancaria (destinada exclusivamente a esta iniciativa) titularidade da Asociación de Comerciantes Zona Aberta, logo da sinatura dun convenio de colaboración entrambas as dúas entidades, dos cales 22.500 € imputaranse ao exercicio 2022 e 15.000 €, ao exercicio 2023.

A asistencia técnica a os establecementos adheridos e persoas adquirentes dos bonos, será precisa de novo. Dito servizo prestará atención personalizada ao cliente e axuda na compra os sete días da semana durante toda a campaña. Solicitado orzamento a Diego Alcaine Torres, NIF 35466795J, foi remitido por contía de 4.213,50 €, IVE incluído, con cargo ao exercicio 2023.

Para activación da plataforma dixital de venda de bonos, solicitouse orzamento á empresa TONIC TIME S.L NIF B87667507, o cal se xunta a esta proposta e que ascende á cantidade de 2.178,00 €, IVE incluído, con cargo ao exercicio 2023

Para gastos de publicidade e difusión da campaña estímase necesaria a cantidade de 2.000 Euros, con cargo ao exercicio 2023.

O custe TOTAL da presente edición ascendería a 45.891,5 €

A aportación municipal terá carácter prepagable, mediante transferencia á conta bancaria (destinada exclusivamente a esta iniciativa) titularidade da entidade colaboradora (Asociación de Comerciantes Zona Aberta), con cargo as partidas orzamentarias correspondentes.

A transferencia dos fondos, tal como recolle o convenio que se asinará entre as partes, levarase a cabo nos prazos e porcentaxes que se indican:

1º PAGO: Logo aprobación da sinatura do convenio pola XGL, á posta en marcha da iniciativa, procederase á transferencia de 22.500,00€, equivalentes ao 60% da cantidade total correspondente ao Concello.

2º PAGO: Xustificada pola Asociación de Comerciantes a transferencia aos establecementos adheridos da cantidade antedita, procederase a transferir por parte do Concello, a cantidade de 15.000,00€, equivalente ao 40% restante da aportación municipal.

O prazo para gastar os bonos desta edición, será dende o 2 de decembro de 2022 ata o 16 de xaneiro de 2023 ambos inclusive.

A solicitude de participación presentarase a través da Sede electrónica do Concello de Vilagarcía (sede.vilagarcia.gal) e a presentación de solicitude de adhesión implicará a aceptación e compromiso de cumprimento das bases reguladoras da iniciativa.

Co fin de levar a cabo a xestión da presente iniciativa e non contando o Concello cos medios materiais e humanos suficientes para o seu desenvolvemento, propónse a sinatura dun CONVENIO DE COLABORACIÓN coa ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES.

O Concello de Vilagarcía é beneficiario dunha axuda no marco da Orde ICT/949/2021 de 10 de setembro, modificada pola orde ICT/565/2022 de 15 de xuño, no marco da convocatoria de liñas de axuda de apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtos de comercialización entre cuxas categorías de gasto inclúense gastos relativos a dinamización comercial, transformación dixital, posta en marcha de campañas de comunicación online para a praza de abastos e comercio local, etc.

A iniciativa BONOS SON DA CASA 2022, ten como finalidade é a dinamización e fomento do consumo nos establecementos comerciais de Vilagarcía; para a súa difusión levarase a cabo unha campaña de visibilización e comunicación online do comercio local e, para a adquisición e consumo dos bonos, será preciso utilizar unha plataforma dixital. Por tanto, as cantidades obxecto da presente proposta poderían ter carácter de cofinanciamento municipal aos efectos da subvención antedita.

Vista a propostada Concellería de Promoción económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobado o desenvolvemento da iniciativa BONOS SON DA CASA do ano 2022 polo importe total de 45.891,5 €, segundo a seguinte desagregación:

CONCEPTO	Partida orzamentaria	Exercicio 2022	Exercicio 2023
APORTACIÓN MUNICIPAL 3.750 PACKS DE BONOS	4311.470	22.500 €	15.000 €
PLATAFORMA DIXITAL . TONIC TIME	4311.22799	-	2.178,00 € IVE INCLUIDO
ASISTENCIA TÉCNICA COMERCIOS E CIDADÁNS. DIEGO ALCAINE TORRES	4311.22799	-	4.213,50 € IVE INCLUIDO
MATERIAL PUBLICITARIO ((Estimación sobre a base do custo do material publicitario da campaña anterior)	4311.22602	-	2.000 € IVE INCLUIDO (estimados)
TOTAL		22.500 €	23.391,50 € IVE INCLUIDO

2.- Aprobado as bases da convocatoria BONOS SON DA CASA.

3.- Aprobado o Convenio asinado coa Asociación Zona Aberta nos termos que constan na copia que se acompaña.

4.- Autorizar a transferencia á conta bancaria habilitada para a xestión dos bonos, da cantidade de 22.500 €, correspondentes ao primeiro dos prazos establecidos na base Sexta do convenio de Colaboración.

PRP2022/4212

A Concellería de Promoción Económica promove a celebración do Mercado de Nadal 2022 na

Praza da II República.

Para a súa realización faise preciso:

1. CONTRATAR UN SERVIZO DE SEGURIDADE PARA A VIXIANZA DAS INSTALACIÓNS para as horas nocturnas, durante o tempo que o mesmo permanece pechado. Solicitado orzamento á empresa "SASEGUR S.L." CIF B78976263 o mesmo ascende a 6.636,90 € IVE Incluído, coas especificacións de servizo que constan no mesmo.
2. CONTRATAR UN SERVIZO DE FIO MUSICAL PARA AS DUAS PRAZAS NAS QUE SE SITUA O Mercado. Solicitado orzamento a Duende Instrumentos Musicais, presentou o mesmo por contía de 1.996,50 € IVE incluído.
3. Igualmente é preciso adquirir elementos para a decoración da praza e da contorna do mercado, e no seu caso, organizar actividades de dinamización. Non podendo precisar neste momento os provedores nin a cantidade exacta correspondente ao gasto, o mesmo estímase en 15.000 € IVE incluído.

O orzamento total estímase en VINTETRES MIL SEISCENTOS TRINTA E TRES CON CORENTA EUROS, IVE INCLUIDO (23.633,40 €IVE incluído).

Vista a proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para DOTACIÓN ELEMENTOS DECORATIVOS, ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN, SEGURIDADE E FIO MUSICAL PARA O MERCADIÑO DE NADAL 2022, polo importe total de 23.633,40 €, coa seguinte desagregación:

RAZÓN SOCIAL	CIF	CONCEPTO	PARTIDA	IMPORTE
SASEGUR S.L	B 78976263	Seguridade	4311-22799(orzamento 2023)	6.636,90 € IVE incluído
CARLOS GALBAN ZARAGOZA	35449729 J	Fío Musical / duas Prazas	4311-203 (orzamento 2023)	1996,50 € IVE incluído
Outro material funxible		Dec.interior, expositores....	4311-22199	15.000,00 € IVE incluído con cargo ao exercicio 2022
TOTAL				23.633,40 € IVE incluído

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4315

Dáse conta da convocatoria da Deputación Provincial, publicada no BOP de 31 de outubro de 2022, das bases reguladoras e convocatoria do Plan Concellos 2003.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a solicitude de subvención, por un importe total de 285.948,56 € (cunha aportación municipal de 198.598,45 €) ao Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2023, Liña 3 (Plan Concellos 2023) para a contratación a tempo completo por 10 meses de 21 traballadores/as desempregados/as e por 9 meses a tempo completo de 9 traballadores/as desempregados/as, tendo prevista a data de inicio do programa o día 13 de febreiro de 2023.

As tarefas a realizar e os traballadores solicitados do PLAN CONCELLOS 2023 LIÑA 3 CONCELLO DE VILAGARCÍA serán os seguintes a través da modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego:

1.- Pintura e sinalización viaria:

- 3 Peóns pintores/as e/ou empapeladores/as, tempo completo 9 meses.

2.- Eficiencia enerxética:

- 4 Peóns Instaladores electricistas, tempo completo 9 meses

3.- Conservación, rehabilitación e acondicionamento de infraestruturas municipais:

- 12 Peóns Axudantes Albaneis, tempo completo 10 meses

- 1 Peón Fontaneiro, tempo completo 9 meses

4.- Recuperación e mellora parques, xardíns e zonas naturais:

- 8 Peóns Traballadores/as de Conservación de Parques Urbanos, Xardíns Históricos e Botánicos, tempo completo 10 meses
- 1 Peón Conductor operador de retroexcavadora, tempo completo 10 meses

5.- Control e mantemento de instalacións de deportes da Fundación Municipal de Deportes.

- 1 Peón Axudante mantenedor de instalacións deportivas, tempo completo 9 meses.
- Aprobar a memoria descritiva onde se determina o número de persoas desempregadas que se van a contratar e a súa categoría profesional.
- Comprometerse a incluír no orzamento do exercicio 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2022/4228

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL para o subministru dunha peza de tobogán para substitución por rotura, no Parque Miguel Hernández, por un importe total de 907,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4243

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa Juegos Koman, S.A., para compra de tres módulos de xogos infantís para a súa reposición de xogos deteriorados no parque infantil da Xunqueira, por un importe de 3.890,63€ (IVE incluído), con cargo á partida 171-22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4260

O Concello de Vilagarcía de Arousa resultou beneficiario, pola Resolución do 19 de xullo de 2022 pola que se conceden as subvencións convocadas ao abeiro da Orde do 1 de decembro de 2021, dunha axuda para a adquisición de puntos limpos móbiles, cunha porcentaxe subvencionable en ambos casos dun 90% dos gastos totais subvencionables.

Línea subvencionable	Total gastos subvencionables	Porcentaxe cofinanciamento por parte da entidade local	Importe subvención resultante (ata o 90 % do custe subvencionable co límite da cuantía máxima establecida)
LÍNEA 3-PLM	53.799,90 €	10,00 %	48.419,91 €

No proxecto presentado para dita axudas contemplábase a adquisición de remolques adaptados como puntos limpos móbiles, elementos de sinalización (paneis informativos) para colocar nas localizacións correspondentes e unha campaña de sensibilización.

Orzamento total do proxecto: 66.4890,38 €, IVE incluído, dos cales:

- 53 799,90 en concepto de proxecto (que inclúe os remolques e paneis informativos)
- 1 150 en concepto de campaña de sensibilización
- 11.539,48 en concepto de IVE

Dado que a campaña de difusión e sensibilización non é un gastos subvencionables, ten que asumila o Concello con fondos propios.

Para realizar esta campaña de sensibilización o Departamento de comunicación municipal en colaboración cos mestres composteiros elaboraron un díptico informativo e solicitouse

orçamento para a impresión de 5000 unidades.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Gráficas Anduriña sociedade cooperativa galega, con CIF F36019289, para a impresión de 5 000 unidades de dípticos por un importe total de 502,20 €, con cargo á partida 1720.62300. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/4261

O Concello de Vilagarcía de Arousa resultou beneficiario, pola Resolución do 19 de xullo de 2022 pola que se conceden as subvencións convocadas ao abeiro da Orde do 1 de decembro de 2021, dunha axuda para a adquisición de puntos limpos móbiles.

Segundo o establecido no artigo 3.2 c) das bases reguladoras da Orde do 1 de decembro de 2021, un dos requisitos para subvencionar a implantación de puntos limpos móbiles é o de acreditar o destino dos residuos recollidos, ben a través dun acordo cunha instalación de punto limpo fixa autorizada ou ben directamente a través de acordos con xestores de residuos autorizados.

Por tanto, e tendo en conta o compromiso presentado na fase de solicitude, o concello debe contar con xestores para o tratamento dos residuos recollidos e almacenados no Punto Limpo.

No caso do fluxo de residuos específico das cápsulas de café, cóntase coa posibilidade de asinar un convenio GRATUÍTO de colaboración, cuxo modelo anexamos, coa ALIANZA PARA EL RECICLAJE DE CÁPSULAS DE CAFÉ (ARECAFÉ). En base a este convenio, o residuo acumularíase en 2 colectores de 240L con bolsa no Punto Limpio municipal de Pinar do Rei e a empresa de xestión de residuos designada por ARECAFÉ, nestes momentos INTEGRAL WASTE SOLUTIONS S.L, faría a recollida deste acúmulo para o seu posterior tratamento, trocando a bolsa e limpando o caldeiro se é necesario tralo aviso do concello ao e-mail recogidas@circulorecicap.com. ARECAFÉ tamén se compromete a entrega de material para as campañas de información e sensibilización que o concello decida pór en andamento.

En base ao anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o convenio de colaboración con ARECAFÉ, con NIF B42800912, que garanta a recollida do fluxo de residuos de cápsulas de café no punto limpo e o seu posterior tratamento, de xeito gratuíto e sen custes para o Concello.

PRP2022/4314

Dáse conta da auditoria de abastecemento e plan de actuación para minimizar as perdas de auga, co fin de aprobar o plan de actuacións e conseguinte conta xustificativa.

O pasado día 03 de Outubro de 2022 adoptouse o acordo de aceptación da subvención convocada ao abeiro da Resolución do 23 de Xuño de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2022.

O IMPORTE TOTAL DA AXUDA CONCEDIDA : 10.000€ (IVE incluído) estando a diferenza de 2500€ (IVE incluído) será soportado polo concello.

Recordase que o IVE será subvencionable só no caso de que non sexa repercutible. Para tal efecto, o concello deberá presentar coa documentación xustificativa un certificado en que declare expresamente que o IVE dos gastos subvencionables non é repercutible polo concello.

O PRAZO DE XUSTIFICACIÓN ATA 1 DECEMBRO DE 2022

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobación da conta xustificativa cos seguintes gastos

Numero factura	Concepto	Acreedor	NIF	Data emision	Data recoñecemento da obriga	Importe
306/22	Realización de auditoría dos sistemas municipais de abastecemento de auga potable para o concello de Vilagarcía de	Soltec Ingenieros SL	B36881415	20/11/2022	28/11/2022	8.397,40 €

	Arousa					

- Que se cumpriu a finalidade da subvención para o que foi concedida.
- Aprobación da copia da auditoría municipal de abastecemento, documentación gráfica xerada (planos en formato dixital CAD o SIX).
- Aprobación por esta entidade do plan de actuacións para minimizar as perdas da auga.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2022/4214

Mediante Resolución de transferencias da Secretaría de Estado de Igualdade para o exercicio 2022 foron transferidos os fondos asignados aos Concellos. A resolución de transferencias, publicada o 02 de agosto de 2022 , recolle a contía correspondente a cada Concello, sinalando que ao Concello de Vilagarcía lle corresponde a cantidade de 25002,84€ €. O Concello, pola súa parte, tiña un remanente compensable no 2022 de 4,35 euros, polo que a cantidade a ingresar sería de 24998,49. Desta resolución e do remanente deuse conta á XGL de data 22 de agosto de 2022, onde se aprobou o ingreso de 24998,49 euros máis o remanente de 4,35 euros.

A Resolución sinala que as accións con cargo a estes fondos terán que ser executadas entre o 1 de xullo de 2022 e o 30 de xuño de 2023 e xustificadas na data límite de 30 de setembro de 2023.

En base ao anterior os actos que teñen que ver co 25N poden financiarse con cargo a estes fondos, ao adecuarse ás accións previstas para os Concellos, no reparto de competencias realizado coa aprobación do Pacto de Estado.

O 25N conmemorase o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, esta é unha data significativa a nivel mundial para reivindicar e reflexionar acerca das violencia que as mulleres están a sufrir polo feito de ser mulleres.

A Área de Igualdade vai desenvolver a campaña Vilagarcía en Negro como nos anos anteriores.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Viñas Publicidade SL para distribución e colocación de cartelería en establecementos, por un importe total de 48,40 €, con cargo á partida 2312.22602.

CULTURA

PRP2022/4285

Dáse conta da existencia dun erro no acordo de Xunta de Goberno Local de data 7 de novembro de 2022, en relación coa solicitude de D. Anxo Lua Areas, en representación da Asociación Veiñal Outeiro de Sobradelo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración do Magosto no lugar de Outeiro o vindeiro día 12 de novembro de 2022, figurando no mesmo:

- Actuación do Grupo de Pandereteiras da Asociación Cultural Nós de Sobradelo por un importe de 225,00 €.

E debendo figurar:

- Actuación do Grupo de Pandereteiras da Asociación Cultural Nós de Sobradelo por un importe de 400,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2022/4253

Vista a solicitude de D. Ignacio María Iturrarte Alduncin, en representación de Goldberg Ediciones SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 16 de decembro de 2022, para a representación do espectáculo CASCANUECES a cargo do Ballet de Kiev, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo de entrada de: Zona A: 21 € mais gastos de xestión, e o mesmo día do evento no despacho de billetería do Auditorio, e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 127,70 €
- Operarios (2): 255,40 €
- Persoal de taquilla (2): 81,60 €
- TOTAL: 729,40 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2022/4256

Vista a solicitude de Dona M^a Carmen Costa López, en representación da AA.MM.RR. Avelaíña, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade na honra de Santa Lucía o vindeiro día 13 de decembro de 2022 no Salón de Actos da Confraría de Vilaxoán:

- Actuación da Asociación Cultural Polifónica de Vilaxoán por un importe de 585,00 €.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2022/4257

Vista a solicitude de Dona Begoña Mesejo Loureiro, en representación da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias/Sala de Exposicións do Auditorio Municipal, os días 15 e 16 de decembro, en horario de 9:00 a 15:00 horas, para a celebración dunhas xornadas de persoas responsables de Recursos Humanos nos Portos de Interese Xeral e Portos do Estado, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala de Exposicións/Sala de Conferencias: 6 horas x 15,25 €: 91,50 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2022/4258

Vista a solicitude de D. Manuel Rodríguez Fontán, en representación de English 4 People SL e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, os días 17 de decembro de 2022 e 21 de xaneiro de 2023, en horario de 11:00 a 13:00 horas, para a realización de pequenas representacións teatrais interactivas en inglés, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala de Conferencias: 4 horas x 15,25 €: 61,00 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2022/4254

Vista a solicitude de D. Luis M^a Pintos García, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 3 de febreiro de 2023, durante todo o día, para a celebración do espectáculo MUSICAL DE LOS 80 Y 90, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cos seguintes prezos: Compra anticipada (Zona A: 16 €; Zona B: 14 €; Zona C: 12 €) venda no despacho de billetería o propio día do espectáculo (Zona A: 19 €; Zona B: 17 € e Zona C: 15 €) máis gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €

- Responsable de sala: 96,90 €

- Operarios (2): 193,80 €

- Persoal de taquilla (2): 81,60 €

- TOTAL: 637,00 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2022/4255

Vista a solicitude de D. Germán M. Torres de Aboal, en representación da Asociación Cultural Mesa das Verbas, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dun acto cultural "Recital Poético" o vindeiro día 26 de novembro de 2022:

- Actuación da Asociación Cultural Coral Amencer por un importe de 335,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2022/4332

Como todos os anos , con motivo da celebración do desfile da Cabalgata de Reis, o vindeiro día 5 de xaneiro de 2023, se abre o prazo para que todas/os nenas/os do noso municipio poidan participar no mesmo, Acompañando os Reis Magos nas súas carrozas así como nas carrozas de agasallos repartindo caramelos ao público asistente nas distintas rúas.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de participación nas distintas Carrozas que forman parte do Desfile de Cabalgata 2023, para a súa publicación tanto na sede electrónica do Concello como na web municipal, sendo o prazo de inscrición do 5 ao 16 de decembro.

CONTRATACIÓN

PRP2022/4191

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, número 27, do sábado 27 de novembro de 2021, publicáronse as bases reguladoras e a convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.

